



CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura



centro
dramático
galego
SALONTEATRO



CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS

foro/cultural de austria

FESTIVAL VIBRACIONAL TPS

I FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE IMPROVISACIÓN LIBRE
DE GALIZA 2009

I FESTIVAL INTERNACIONAL DE

A improvisación libre ten a súa orixe e desenvólvese na Europa (especialmente no Reino Unido e Alemaña) desde os anos sesenta, a partir de distintas disciplinas artísticas como son o free jazz, a música clásica contemporánea, a música electrónica e as diversas músicas de carácter popular. Na improvisación libre acada unha importancia capital a actitude de escoita, comunicación e interacción entre os músicos, a exhaustiva exploración das posibilidades do instrumento, a creación de novas paisaxes sonoras e o afán de busca de territorios musicais descoñecidos.

Desde o ano 2003, o Centro de Novas Teconoloxías do Pico Sacro (TPS) e a Sala NASA veñen despregando un intenso labor de difusión da improvisación libre a través dun programa estable de actividades: presentación de propostas en solo, dúo, trío e cuarteto, jam sessions e experimen-

IMPROVISACIÓN LIBRE DE GALIZA

tos de condución xestual de pequenas e grandes formacións, que tiveron o seu máximo expoñente na creación de O.M.E.GA, Orquestra de Música Espontánea de Galiza.

Todo este traballo conflúe agora no Festival Vibracional TPS, un novo pulo no crecemento sustentable da improvisación musical en Galiza, implicando a outras institucións e abríndose a novos espazos da vida pública co fin de facela accesible a públicos máis heteroxéneos. Será unha ocasión inmejorable para o encontro, o debate, o goce e a descuberta para calquera persoa interesada non só na improvisación, senón na arte contemporánea. Ademais, coa celebración deste novo festival, Santiago de Compostela vaise consolidar como un dos eixos da rede peninsular de cidades de referencia da vangarda musical europea a carón de Barcelona, Madrid, Porto e Lisboa.

SALA NASA

| Rúa San Lourenzo 51-53, 15705 Santiago D.C.

| tlf. 981 573 998 | info@salanasa.com

| www.salanasa.com

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

| Rúa Valle-Inclán S/n, 15704 Santiago D.C.

| tlf. 9 81 546619 | cgac@xunta.es

| www.cgac.org

SALÓN TEATRO | Rúa Nova 34, 15705 Santiago D.C.

| tlf. 981 581 111 | centro.dramatico.galego@xunta.es

| www.agadic.info/cdg/salonteatro/

XUÑO 4 XOVES

MINÚSCULO: PABLO REGA ▼

19,00H | PRAZA DO TOURAL

2DÚOS 1CUARTETO ▼

21,30H | SALA NASA.

MARGARIDA GARCÍA (CONTRABAIXO) E RUTH BARBERÁN (TROMPETA).

MICHEL DONEDA (SAXO SOPRANO) E ALFREDO COSTA MONTEIRO (ACORDEÓN, OBXECTOS)

XUÑO 5 VENRES

MINÚSCULO: PARTO AQUÓFONO MINIMAL ▼

19,00H | PRAZA DA QUINTANA

1 SOLO E 1 SEPTETO ▼ 21,30H | SALA NASA

FERRÁN FAGÉS, SOLO (DISPOSITIVO ELECTROACÚSTICO)

POEMA 1960, PEZA PARA MOBILIARIO E ESPAZO DE LA MONTE YOUNG

ELENA VÁZQUEZ LEDO, PAVLO ORZA, MARÍA MOVE, PABLO SAX, ARIEL NINAS, RUTH

BARBERÁN, ALFREDO COSTA MONTEIRO (DIRECCIÓN ESCÉNICA)

XUÑO 6 SÁBADO

MINÚSCULO: XESÚS VALLE ▼

19,00H | PRAZA DE PRATERÍAS

NOID HABERL + KLAUS FILIP: PAISAXE SONORA DO CGAC ▼

21,00H | CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

XUÑO 7 DOMINGO

O.M.E.GA (ORQUESTRA DE MÚSICA ESPONTÁNEA DE GALIZA) ▼

22,00H | SALON TEATRO

MINÚSCULO

PABLO REGA: DISPOSITIVOS ELECTROACÚSTICOS

PARTO: AQUÓFONO MINIMAL

XESÚS VALLE: ACCIÓN SONORA

XUÑO 4XOVES 5VENRES 6SÁBADO | 19,00H | PRAZA DO TOURAL, PRAZA DA

QUINTANA E PRAZA DE PRATERÍAS

PEZAS DE RÚA PARA AURICULARES | A CORUÑA/SANTIAGO/VIGO

Minúsculo nace dunha proposta de Lionel Stora (aka Leos Ator). É unha sección na que se presentan formatos pequenos e íntimos, consistentes en solos improvisados destinados a un público de rúa reducido que só pode escoitar o son mediante auriculares. Así, para lograr que cada concerto sexa un espazo de complicidade de dimensións singulares, cada improvisación será unha sucesión de solos, dunha

duración aproximada de dez minutos e estará limitada a un máximo de tres ointes ao mesmo tempo. Deste xeito pretendemos reducir a distancia entre público e músico así como recuperar a lectura do xesto mediante a proximidade e en espazos non habituais.

Pablo Rega é guitarrista e músico electrónico. Traballa fabricando dispositivos de son a partir de diferentes materiais, electrónicos e acústicos. É

membro da orquestra FoCo (Madrid), conduce a orquestra O.M.E.GA (Santiago) e o grupo BIB en Barcelona. Realiza instalacións sonoras co escultor Oscar de Paz e diferentes accións sonoras co músico Nilo Gallego.

Parto naceu en Galiza en 1999 como trío, integrado por L.A.R. **Legido** (batería electrónica), Patxi Valera (batería de xoguete) e Pablo Rega

(guitarra preparada e electrónica). Xa como dúo, en 2002 Legido e Valera crearon o Aquófono, un innovador instrumento de percusión con líquido, unha escultura sonora portátil e un sistema infusor de pingas musicais que non deixou de evolucionar desde entón. Aquí presentarán o Aquófono Minimal, unha versión reducida que recrea o seu primeiro prototipo.

Xesús Valle, é un artista sonoro que desde 2002 vén realizando diferentes proxectos de audio e gravación de paisaxes e accións sonoras. Forma parte da Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.GA), onde manipula os seus propios rexistros sonoros en tempo real. Xesús preséntase regularmente en vivo en diferentes festivais, museos e clubs, ademais de crear son para teatro, radio e internet.



MARGARIDA GARCÍA + RUTH BARBERÁN

XUÑO 4XOVES | 21,30H | SALA NASA

DÚO | CONTRABAIXO + TROMPETA + OBXECTOS AMPLIFICADOS | LISBOA/BARCELONA

A contrabaixista **Margarida García** e a trompetista **Ruth Barberán** empezaron a funcionar xuntas como dúo no ano 2002. Desde entón, traballan a reo e sen concesións no desenvolvemento do seu son como grupo, que comprenda as súas propias

linguaxes pero que fortaleza a construción da súa paisaxe sonora común.

O dúo ten feito xiras pola República Checa (Praga e Brno - Festival Exposition of New Music, entre outras cidades) e a Península Ibérica, Barcelona (festival LEM de Gràcia

Territori Sonor), Lisboa (SONIC SCOPE) e Madrid (Música Libre). Tamén forman parte do proxecto "Octante", co que foron

invitadas ao festival Music Lovers Field Companion (Newcastle), formación coa que

gravaron o seu primeiro disco para o selo

L'innomable en Eslovenia e recentemente, un segundo traballo para o selo inglés Another Timbre.



MICHEL DONEDA + ALFREDO COSTA MONTEIRO

XUÑO 4XOVES | 21,30H | SALA NASA

DÚO | SAXO SOPRANO + ACORDEÓN + OBXECTOS | BARCELONA/PORTO

Dúo formado en Barcelona no ano 2008. O ar podería ser o punto de converxencia entre o saxo de Michel Doneda e o acordeón de Alfredo Costa, pero atópase pervertido por obxectos que soan como instrumentos. Obxectos e instrumentos confúndense no afán de producir unha música que ás veces soa refinada e outras moito máis descoída,

mesturando sons intencionalmente banais con outros moito máis elaborados.

Michel Doneda implicouse na escena internacional da improvisación libre desde os anos 80, tocando en diversos festivais en Europa, África, Xapón, Canadá, USA e América do Sur. O seu estilo, moi persoal, nítrese de todos estes intercambios, tanto na

música (tradicional, jazz, improvisación libre, rock experimental) como noutras disciplinas artísticas (teatro, cine, literatura, poesía).

Alfredo Costa rematou os seus estudos de Escultura/Multimedia na Escola de BB.AA. de París en 1992, trasladándose a Barcelona. A maioría das súas obras, a miúdo de factura doméstica, teñen en común un interese polos procesos inestables onde a manipulación de obxectos como instrumentos ou de instrumentos como obxectos acada un forte carácter fenomenolóxico.



FERRÁN FAGÉS

XUÑO 5 VENRES | 21,30H | SALA NASA
SOLO | DISPOSITIVO ELECTROACÚSTICO | BARCELONA

Ferran Fages, músico improvisador residente en Barcelona. Desde o ano 2000 está involucrado en proxectos estables como Cremaster (a carón de Alfredo Costa Monteiro) e o trío Fages-Barberán-Costa Monteiro. No último ano empezou a

preparar material para tocar en solo con dispositivos electrónicos despois de ter compartido experiencias con músicos como Norbert Möslang, Will Guthrie e Jean-Phillipe Gross. Ten publicado mais de 20 discos en selos de España, Portugal,

Grecia, Italia, Slovenia, Inglaterra, Francia, Estados Unidos e Xapón. No ano 2008 publicou unha peza na recopilación "Sudamerica Electrónica", sendo convidado a tocar e dar cursos en Arxentina e Uruguai.



LAMONTE YOUNG POEMA 1960

XUÑO 5VENRES | 21,30H | SALA NASA

SEPTETO | PEZA PARA MOBILIARIO E ESPAZO | SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elena Vázquez Ledo (asento), Pavlo Orza (asento), María Move (asento), Pablo Sax (asento), Ariel Ninas (asento), Ruth Barberán (asento), Alfredo Costa Monteiro (dirección escénica, asento).

¿Qué pasa se lle restamos á música as súas figuras e cores, o que se ve e o que se sinte e lle deixamos únicamente o que se intúe, xa non como intuición senón como experiencia real? ¿Qué pasa se a música se despraza do todo cara ao que suxire, cara ao espazo de expresión inmaterial, á concepción máxica do

tempo que nos agasalla e as imaxes que nos evoca? ¿Podemos entender a música na súa dimensión pura e exclusivamente abstracta, efémera, intanxible, sen necesidade de ser ni tan só sonora? ¿Qué pasa se escribemos música sen notas? ¿A qué tipo de arte nos achegamos? ¿É a música únicamente son?

¿Está a música ligada ao espazo onde se interpreta?

Se para a maioría da poboación que asiste a concertos a música é un ritual e un conxunto de símbolos (que van desde os horarios do concerto ata a disposición de atrás e instrumentos no escenario), ¿podemos

organizar unha peza a partires de

instrumentos que non son propiamente

interpretados, en auditorios nos que non

escoitaremos música e aplausos ao final

dunha peza? O posible desconcerto do

público, ou a irritación do espectador son

aquí intencionados, feito que se verifica a

través da súa inclusión no proceso de

produción.



NOID HABERL + KLAUS FILIP

XUÑO 6 SÁBADO | 21,00H | CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
PAISAXE SONORA DO CGAC | CONCERTO-INSTALACIÓN | VIENA

Trátase dunha combinación de concerto e instalación usando a arquitectura do museo como instrumento musical. Durante este traballo exploraranse os fenómenos acústicos das salas e certos sons propios do edificio como aparellos de aire acondicionado, persoas ou calquera cousa susceptible de emitir son. A acústica

individual de cada habitación será reproducida por un sistema de espacialización constituído por varios altosfalantes colocados estratéxicamente, dando á composición unha estrutura determinada. Despois da procura e a gravación dos sons característicos do edificio, estes serán combinados con

outros xerados por computadores e remesturados con eses outros sons propios do espazo, creando unha composición que reflicte a identidade propia do edificio. Para este traballo utilizarase o software libre LLOOPP, para tratamento de audio en tempo real, deseñado e desenvolvido por eles mesmos.

Klaus Filip e **Noid Haberl** son dous músicos austríacos cunha longa traxectoria na escena experimental e electrónica europea. Os dous teñen desenvolvido tanto traballos en solitario como proxectos en colaboración con numerosos músicos e artistas, materializadas en gravacións, participación en festivais, instalacións e workshops.



O.M.E.GA (ORQUESTRA DE MÚSICA ESPONTÁNEA DE GALIZA)

XUÑO 7 DOMINGO | 22,00H | SALÓN TEATRO

MÚSICA IMPROVISADA BAIXO CONDUCCIÓN XESTUAL | GALIZA

Elena Vázquez Ledo (violín), Xacobe Lamas (violín), Pablo Pérez (contrabaixo), Ariel Ninas (zanfona), Andrés Castro (sitar), David Santos (baixo eléctrico), Xabi Souto (guitarra eléctrica), Quique Otero (teclados), Pablo Sax (saxo soprano, saxo tenor, saxo alto), Isaac Feliú (trombón), Chefa Alonso (saxo soprano, dirección, conducción xestual), Xesús Valle (computadora), María Move (voz), POP (voz, obxectos sonoros), Carlos Castro (vibráfono, percusión), LAR Legido (batería), Patxi Valera (batería paraugas), Pablo Rega (guitarra eléctrica, dirección, conducción xestual).

O.M.E.G.A, a Orquesta de Música Espontánea de Galiza, naceu dentro da programación de Sesións Vibracionais do TPS en marzo do 2007 na Sala NASA de Compostela. Trátase dun proxecto colectivo integrado por vinte músicos galegos de moi

diversa procedencia para traballar regularmente no eido da música improvisada baixo conducción xestual. O director emite unha linguaxe de sinais prefixada que os músicos deben interpretar en tempo real nunha retroalimentación

constante sustentada na atención mutua, nos procesos de toma de decisións, na incertidume do intre e sobre todo, na capacidade para viaxar e sorprenderse coa variada riqueza tímbrica, sonora e dinámica do conxunto como unha entidade orgánica.

A banda sonora resultante inclúe desde xoguetes a calquera influencia musical ou ruidística, contos para nenos, instrumentos acústicos, música clásica, instrumentos electrónicos analóxicos e dixitais, música contemporánea, free-jazz, textos diversos e referencias a sons do mundo ou música popular de calquera época ou lugar.

